

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA  
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE  
CONCELLO O DÍA TRINTA DE XULLO DE DOUS MIL  
DEZAOITO: - - - - -**

**PRESIDENTE:**

D. Telmo Martín González

**CONCELLEIROS/AS:**

D. Juan Antonio Deza Otero  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez  
D. Rafael Domínguez Piñeiro  
D<sup>a</sup> María Deza Martínez  
D. Marcos Guisasola Padín  
D<sup>a</sup> Silvia Freire Fernández  
D. Alfonso Rea Pérez  
D. Gonzalo Gonzalo Pita  
D. José - Daniel Fernández Piñeiro  
D. Jesús - Joaquín Sueiro Méndez  
D. David Otero Domínguez  
D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso  
D. Maximino González Miniño  
D. Roberto - Carlos Agís Balboa  
D<sup>a</sup> Vanessa Rodríguez Búa

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Coral González-Haba Pérez  
D. José Juan Vidal Vilanova (*Interventor*)

**SECRETARIO:**

D. Angel - Luís López Pita.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día trinta de xullo de dous mil dezaeito, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ,** reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

-----  
-----

O Sr. Presidente desculpou a ausencia á sesión, por indisposición, da concelleira do Grupo Municipal Mixto, Sra. González-Haba Pérez.

## **ACTAS ANTERIORES:**

**1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS O 26 DE ABRIL, 28 DE MAIO, 04 DE XULLO E 12 DE XULLO DE 2018:** Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, indicou que se ía abster na votación da acta da sesión do 12 de xullo de 2018, porque non asistiu a ese pleno

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu as actas das sesións do 26 de abril de 2018, 28 de maio de 2018 e 4 de xullo de 2018 a votación na que, por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultaron aprobadas.

A continuación o Sr. Presidente someteu a votación a acta da sesión do 12 de xullo de 2018, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 15 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

**Votos en contra: 0.**

**Votos pola Abstención: 1 (Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, a acta da sesión do 12 de xullo de 2018, resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación. -----

## **A) PARTE DISPOSITIVA:**

**2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 7 DO PXOM DE SANXENXO NO TOCANTE AO EXPEDIENTE DE DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE SOUTULLO, NÚM. 2, EN SOUTULLO-NOALLA :** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 24 de xullo de 2018.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que a modificación afectaba a unha superficie de case 36.000 metros cadrados de solo clasificado como urbanizable non sectorizado, pretendéndose delimitar un núcleo rural consolidado, que xa na aprobación inicial do PXOM, figuraba como solo urbano consolidado, aínda que despois decaeu, finalizando a súa intervención relatando o trámite para a aprobación definitiva.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

**Votos en contra: 0.**

**Votos pola Abstención: 3 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

**“PRIMEIRO:** Desestimar as alegacións presentadas no expediente de **Modificación Puntual nº 7** do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo en relación co núcleo rural de Soutullo-2 por **D. José Fonseca Díaz, D. Guillermo García Otero, Dª Carmen Pousa Rodríguez, D. José Antonio Cid Mera, D. Antonio Cambeiro París, D. José Aviñoa Mera e D. Juan Francisco Otero Rey;** estimar parcialmente a alegación presentada por **Dª Susana Vázquez Rodiño;** e estimar as alegacións presentadas por **Dª Mª Gloria González Pereira e D. Jesús Rodríguez Otero e D. José Antonio Domínguez Fernández;** en base ás consideracións citadas no informe técnico e xurídico municipal de data 16 de xullo de 2018, que se notificará aos alegantes xunto con este acordo.

**SEGUNDO:** Prestar aprobación provisional á **Modificación Puntual nº 7 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo**, que queda integrada unicamente polo expediente de delimitación do núcleo rural de Soutullo-2, contido no documento asinado en abril de 2018 por **Dª Sandra Barbeito Méndez, Roi Barbeito Méndez e Beatriz Piñeiro Gondar.**

**TERCEIRO:** remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, ao Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación e á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, aos efectos da súa aprobación definitiva.” -----

**3º) PROPOSTA DA ALCALDIA PARA APROBAR A RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS. ALTA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS :** O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Urbanismo** do **24 de xullo de 2018.**

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, precisou que se trataba dunha rectificación do inventario de bens, que permite a incorporación de 724 viarios e que afecta só a titularidade, o que non quere dicir que teña efectos urbanísticos, posto que para iso terían que ser incluídos no PXOM.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, alegrouse de que se dea este paso, lamentando que non se fixese antes, lembrou que o goberno tripartito anterior veu esta necesidade e encargou o traballo, solicitando que se lle dea a máxima publicidade e que a xente comprenda que non é inamovible, finalizando a súa intervención para anunciar o seu voto favorable, xa que serviría para facilitar a vida aos veciños.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou que se encargou o estudo dentro do Plan Director de Planeamento 2016, concluíndo neste momento a primeira fase, recalcando que os camiños se incorporaban ao inventario por primeira vez desde a aprobación do PXOM e que non estaban todos os que eran, pero se son todos os que están, destacando que descoñecían cal era a intención do goberno respecto deste inventario e que o razoable sería que isto se convertese nunha modificación puntual para incorporar os camiños ao PXOM, permitindo que as parcelas teñan aproveitamento urbanístico por dar fronte aos viarios, porque de pouco serve inventariar, se isto queda aquí.

A **Sra. Deza Martínez** aludiu a que o seguinte paso é a súa incorporación ao PXOM, aínda que probablemente non poidan incorporarse todos, porque se esixen unhas condicións determinadas. A interveniente explicou que se fixo unha exposición ao público e resolvéronse as alegacións presentadas, tratándose dun documento vivo que se rectifica anualmente e, se existen erros, poden solucionarse nunha posterior rectificación.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** Aprobar a rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, procedendo a dar de alta no Epígrafe 1 (bens inmobles), Grupo C (vías municipais), os camiños incluídos no documento denominado “Inventario de Camiños Municipais”, elaborado pola empresa “Laya Gestión y Servicios, S.L”., cos datos e valoracións que figuran nas correspondentes fichas descritivas e que se axuntan ao expediente en cinco tomos identificados como Tomo I (Listados e Fichas 1 a 200), Tomo II (fichas 201 a 450), Tomo III (fichas 451 a final), Tomo IV (Cartografía Sanxenxo e Portonovo e planos 1 a 10), Tomo V (Cartografía planos 11 a final) e un CD co título “Inventario Camiños Sanxenxo”.

**SEGUNDO:** Remitir a rectificación do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación á Administración Xeral do Estado e da Xunta de Galicia, en cumprimento do preceptuado no artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 32 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.”-----

**4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA CONCERTACIÓN DE OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO E MODIFICACIÓNS DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO : O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo do 24 de xullo de 2018.**

O Sr. **Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, sinalou que se propoñía a posibilidade de concertar unha operación de crédito, cos condicionantes que figuran na proposta, no momento no que a débeda fose esixible xudicialmente.

A Sra. **Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, manifestou que volvía Telmo e volvía o endebedamento ao concello, estando ante unha manobra para liberar cartos e que lles permita facer cantas mais cousas posibles, para non repetir o mal resultado do PP nas últimas eleccións municipais.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou que se estaban a pagar consecuencias de situacións que non resolveu o PXOM e a solución é recorrer ao endebedamento, típico do actual alcalde. O interviniente precisou que xa sufriron estas consecuencias, mesmo no período 2011-2015 e, unha vez que se sae dunha situación lamentable e hai equilibrio, vólvese ao endebedamento, anunciando o seu voto en contra ao ver que se ampliaba a 6 millóns, cando nun anterior pleno eran optimistas respecto de non pagar nada ao acudir á vía civil e, agora, resulta que vamos aos 6 millóns, proseguiu dicindo que os concellos teñen que tender a unha débeda cero en catro anos e nós volvemos a senda do endebedamento, que compromete a corporacións posteriores, todo se fai ao longo prazo e, se as cousas saen mal, Telmo vaise, indicando que mesmo concelleiros do Grupo Popular que pasaron momentos difíciles, agora, disciplinadamente van votar a favor desta operación, finalizando a súa intervención para manifestar que isto era unha irresponsabilidade absoluta e que o Alcalde, en termos de economía política, era un desastre.

O Sr. **Guisasola Padín** resaltou que estaban a falar dunha posibilidade, porque senón como ían pagar se o xulgado dí que hai que executar a sentenza e incidiu en que non se trataba dunha operación a longo prazo, xa que eran só 4 anos. O interviniente explicou que, con respecto ao pago por prazos, podíase conseguir un aforro de 200.000 euros en catro anos e isto é xestión, á parte de que así se obtén a propiedade desde que se paga e non hai que esperar catro anos, indicando que os anteriores intervinientes parecían que preferían que non se destinasen 936.000 euros para realizar actuacións en beneficio dos veciños.

A Sra. **Rodríguez Búa** dixo que, canto menos crédito se pida, mellor, xa que gastar cartos nun préstamo, cando se ten diñeiro, é pagar de mais, precisando que estaba a referirse ao endebedamento xeral, non a operacións puntuais, para evitar volver a situacións que xa sufriron.

O Sr. **Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que non lle gustaba que o concello se endebedase, pero se hai que pagar, non queda mais remedio que facelo e o mellor é ser previsores e pagar o menos posible, engadindo que os cartos estaban aí e agora hai xente que os sabe xestionar e antes non.

O **Sr. Otero Domínguez** deu lectura, na proposta, a posibilidade da ampliación do préstamo a 6 millóns de euros, cando facía uns días dicían, desde o goberno, que probablemente non habería que pagar nin 3 millóns, precisando que foi o PP o que xerou esta situación catastrófica, o que non expropiou por cantidades inferiores, con presupostos municipais entón, de 60 millóns de euros, engadindo que as posibilidades de investimento van ser cero, como se teña que pagar este endebedamento, tratándose dunha política económica que privará a Sanxenxo de investir en dez anos, resaltando que algúns ven con bos ollos o incremento da débeda, primeiro sufrírona e agora son cómplices.

O **Sr. Guisasaola Padín** puntualizou que pelexarán para non pagar, hoxe pídese para 3.025.000 euros, mañá xa se verá e que a porcentaxe de endebedamento só é o 31%, estando seguro que esta era a mellor fórmula que temos para cumprir unha sentenza ao menor custo posible.

O **Sr. Presidente** explicou que a superficie total eran 2900 m<sup>2</sup>, 1700 m<sup>2</sup> de zona verde e 1200 m<sup>2</sup> de viarios e o Tribunal Supremo indicou que o Xurado tiña que valorar estes últimos tamén, xa que non os incluíu na valoración dos 3.000.000, engadindo que o concello considera que xa son públicos e vai recorrer ao Tribunal Constitucional e mesmo á vía civil pola zona verde, polo que agora, o que estamos a facer, é unha previsión, engadindo que non estaban de acordo en pagar a prazos e se dunha vez, mediante unha operación de endebedamento, porque é mais barato. A continuación o interveniente procedeu a describir as tres operacións de crédito previstas no presuposto deste ano e dixo que xestionar ben era endebedarse, mentres se puidese pagar, o que permitía a posibilidade de investir en obras para o beneficio dos veciños. O interveniente indicoulle ao Sr. Otero Domínguez que non tiña capacidade de xestionar economicamente un concello tan importante como este e finalizou para sinalar que a lei non permitía o endebedamento que cause problemas ao concello e que, co endebedamento, actúamos igual que os particulares, cando recorren a el para comprar unha casa.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 3 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

**Votos pola Abstención: 1 (Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

“Aprobar a concertación dunha operación de endebedamento prevista no orzamento do ano 2018, baixo as seguintes bases:

a. Importe máximo 3.025.000, 00 €.

b. Prazo de amortización máximo de catro anos, iniciándose en 2019, con posibilidade de renovar o contrato ampliando o prazo ata un máximo de seis, se o posibilita o plan de axuste.

- c.Posibilidade dun ano de carencia, máis tres anos de amortización.
- d.Tipo de xuros, fixo ou variable tomando como referencia o referente do Estado para operacións de condicións financeiras análogas (artigo 48 bis RDL 2/2004, sobre prudencia financeira).
- e.Sen comisións nin gastos de apertura, cancelación e formalización, nin de amortización anticipada.
- f.Sen garantías adicionais a persoal do Concello.
- g.Método de amortizacións por cotas constantes trimestrais, comezando (a salvo carencia), o 1 de abril de 2019, de concertarse antes.
- h.Momento da concertación efectiva, en canto sexa esixible o pagamento, ou ben de forma previa mediante conta crédito sen gastos.
- i.Posibilidade de amplia-lo ata un máximo de 6.000.000,00 de euros e o prazo ata catro anos máis, en calquera momento da vida contractual, de ser esixible un maior xustiprezo polo mesmo ben expropiado. Sen gastos nin comisións, e previa avaliación financeira.
- j.A concertación final E EXECUCIÓN DO PROXECTO DE GASTO ASOCIADO requirirá informe favorable da intervención xeral sobre o definitivo cumprimento dos requisitos legais e financeiros da operación, de estabilidade presupostaria, cumprimento avaliado do límite do gasto non financeiro; tanto no ámbito financeiro como contractual no seu caso. De ser este negativo debe ser reconsiderado polo pleno da corporación.”-----

**5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA DEDICAR O IMPORTE ESTABLECIDO PARA PAGO DE XUSTIPREZO DA EXPROPIACIÓN DE TERREOS NA RÚA DAS CUNCHAS AO FINANCIAMENTO DE DIVERSOS GASTOS :** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 24 de xullo de 2018.

O Sr. Guisasaola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, explicou que os 936.000 euros que quedan liberados, van dedicarse a investimentos, como o da Praia Panadeira, Centro de Piragüismo ou para subvencións, non sabendo se a oposición ía estar de acordo.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, matizou que como o Sr. Alcalde falaba o último, parecía que lle daba autoridade, chamándonos mentireiros e alarmistas, pero a xente sabe como fixeron as cousas, engadindo que tendo un millón de euros e debendo tres, o mellor é só pedir un préstamo polo que non se ten, para evitar mais endebedamento, ademais que seguro que no fondo saben o arriscado que é ir a un preito coa posibilidade de perder en costas e sen ter aínda os documentos necesarios, finalizando a súa intervención para dicir que o endebedamento non é a única fonte, xa que podían dedicarse fondos doutros cometidos para gastalos nisto, como as achegas aos grupos políticos municipais ou as subvencións a asociacións de carácter galego, estando tamén en contra das subvencións nominativas.

O Sr. **Agís Balboa**, voceiro do Grupo Municipal Mixto, aludiu a que cando se falou de realizar achegas aos grupos políticos, tan só a Sra. González-Haba Pérez e o interveniente dixeron que renunciarían a elas, o resto non comentou nada. En canto ás actuacións do Centro de Piragüismo, Praia Panadeira, colexios, subvencións, non sabía cal era o problema. No que respecta ás festas é preocupante, porque se se financian as dunha parroquia, outras quererán o mesmo, rematando para dicir que quería saber de onde ía saír o diñeiro para as festas, se do concello ou de Insula, a través da multisectorial.

O Sr. **Otero Domínguez**, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifestou que, dependendo, estaba de acordo con algunhas cousas e con outras non e que 900.000 euros era unha cantidade equivalente ao diñeiro que se devolveu no asunto de Monte Faro, parecendo agora que todos os problemas viñan só dos case dous anos do goberno tripartito, cando nese período conseguiron saír dunha situación incómoda, ata alcanzar o superávit, lembrando que había un plan de axuste, que cre segue vixente, aínda que parece que tamén cambiou a interpretación de funcionarios. Polo que respecta á actuación da Praia Panadeira, dependía o seu apoio do que ían facer, xa que parece que co previsto desaparecen aparcadoiros, co Centro de Piragüismo están, nun principio, de acordo, lembrando que xa houbo, no seu día, previsións millonarias, indicando que non sabían a ubicación e mostrando o seu desacordo coas subvencións a federacións galegas e con algunhas outras, motivos polos que non votarán a favor, xa que farían outro reparto.

O Sr. **Guisasola Padín** aclarou que, polo menos, non investían en auditorías que non valían para nada e que as festas de Portonovo sempre as financiou o concello, antes a través de Insula, destinando o rendemento da Feira Multisectorial. En canto ao Centro de Piragüismo, era un proxecto plurianual, non sendo un brinde ao sol, levando o proxecto definitivo para a praia de Baltar.

O Sr. **Agís Balboa**, referíndose ao dito polo Sr. Otero Domínguez sobre os cambios producidos, aludiu a que neste concello xa cambiou o goberno dúas veces e a que o citado concelleiro, se seguía utilizando a palabra “depende” moitas veces, ía continuar onde está, finalizando para dicir que, ás veces, fan mais dous folios que dous anos de goberno.

O Sr. **Otero Domínguez**, respecto do dito polo anterior interveniente, indicou que no pacto que propiciou o cambio de goberno municipal, faltaba a firma dalgún concelleiro. En canto á actuación de Praia Panadeira, interesáronse por ela, pero parece que o PP actúa dependendo de con quen trate. No que respecta ao Centro de Piragüismo, vólvese a un proxecto plurianual, parecendo un proxecto de precampaña electoral, engadindo que o goberno non tiña porque presumir, xa que isto era un reparto que pretendía contentar a todos e que cambiaron os alcaldes e as interpretacións dos funcionarios, pero o tempo ía poñer a cada un no seu sitio

O Sr. **Guisasola Padín** dixo que non sabía como nos anteriores dous anos de goberno, non fixeron isto, pero agora fan xestión e, se isto é electoralismo, benvido sexa.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. **Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:



**Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0.**

**Votos pola Abstención: 04 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“Modificar a base de execución orzamentaria para dedicar o importe de 936.339,28 euros á financiación dos gastos que se relacionan a continuación:

<b>1</b>	<b>Crédito inicial do plan director</b>	<b>936.339,28</b>
<b>2</b>	Proxecto cofinanciado praia panadeira	58.603,03
<b>3</b>	Proxecto cofinanciado marquesiña centro de día	30.697,41
<b>4</b>	Contratación de auxiliares de policía	40.821,03
<b>5</b>	Contratación de bombeiros	15.301,98
<b>6</b>	Achega a sociedade municipal Turismo Sanxenxo, SL	50.000,00
<b>7</b>	Achega ao OA TERRA para subvencións nominativas	200.000,00
<b>8</b>	Transferencia ao Plan director 4/6 de rede viaria	135.000,00
<b>9</b>	Achega ao OA Terra para centro de piragüismo (1A)	100.000,00
<b>10</b>	Obras en colexios	40.915,83
<b>11</b>	Usos do plan director para a súa especialidade	135.000,00
<b>12</b>	Achega ao O. A. Terra para subvención ás festas patronais da vila de Portonovo	130.000,00

“”

**6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE Nº 3/18 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DIFERENTES ÁREAS DE GASTO DESDE O PLAN DIRECTOR 1/6 DE PAGO DE XUSTIPREZO PARA VARIOS GASTOS:**

O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 24 de xullo de 2018.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, explicou que se trataba dunha cuestión técnica, ao ser un cambio de aplicación, que debía facerse a través dunha modificación presupostaria.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, reiterou o dito en puntos anteriores, sobre que pretendían evitar pagar un pufo que vostedes crearon, para poder gastar nestas actuacións electoralistas.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, destacou que seguían na mesma liña de estar de acordo con algunhas cousas, como as referentes a infraestruturas e arranxo de colexios, cun importe mínimo de 40.000 euros e non con outras, como as subvencións, precisando que ata 31 de decembro de 2024, non estarán liberados estes 900.000 euros, cantidade equivalente ao pagado polo SU-13, que foi una herdanza que lle deixaron ao goberno anterior, sinalando que se estivesen no goberno na actualidade, terían a mesma capacidade investidora, pero o que nunca farían, é comprometer ao concello ata 2025.

O Sr. Guisasola Padín aludiu a que o destinado aos colexios era ao marxe do previsto nos presupostos e, respecto do dito polo anterior interveniente sobre a capacidade investidora, dixo que se o anterior goberno non puido aprobar uns orzamentos sen maioría, menos podería facer unha modificación presupostaria.

O Sr. Otero Domínguez manifestou que, se o PP tivese disposición a chegar a acordos, porque non ían a aprobar os orzamentos. O interveniente continuou dicindo que tanta modificación presupostaria era unha demostración da falta de previsión e lembrou que, no seu día, o PP presentou a moción que se aprobou para baixar o IBI, sen repercusión para os veciños, porque non sabían o agasallo que lles ía caer despois coa Alcaldía, estando a esperar pola segunda rebaixa deste imposto, que anunciaron no seu día.

O Sr. Guisasola Padín, sinalou que o anterior interveniente non podía falar de negociar, cando pedín uns días para aprobar o presuposto e case me botan do despacho.

O Sr. Presidente lembrou que a rebaixa do IBI aprobouse polo PP, co apoio do Sr. Agís Balboa, que se van a investir mais de 8 millóns de euros e que o pacto para o cambio da alcaldía foi culpa do Sr. Otero Domínguez, pola súa falta de respecto institucional.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0.**

**Votos pola Abstención: 4 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

**“PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente unha modificación de créditos, mediante transferencia de créditos entre diferentes áreas de gasto nº 3/2018, por importe de 655.915,83 euros:

			Cede	Recep	
<b>6</b>	Achega a sociedade municipal Turismo Sanxenxo, SL	50.000,00	1/6	9/4	
<b>7</b>	Achega ao OA TERRA para subvencións nominativas	200.000,00	1/6	9/4	
<b>8</b>	Transferencia ao Plan director 4/6 de rede viaria	135.000,00	1/6	4/6	
<b>9</b>	Achega ao OA Terra para centro de piragüismo (1A)	100.000,00	1/6	9/4	
<b>10</b>	Obras en colexios	40.915,83	1/6	9/4	
<b>12</b>	Achega ao O. A. Terra para subvención ás festas patronais da vila de Portonovo	130.000,00	1/6	9/4	

**SEGUNDO:** Está suxeita aos mesmos trámites que os previstos para a aprobación dos orzamentos, segundo o artigo 168 e seguintes do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo.”-----

**7º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXECUCIÓN DE PROXECTOS PLURIANUAIS :** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 24 de xullo de 2018.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, dixo que se trataba de proxectos plurianuais, que cando pasaban dunha determinada porcentaxe, tiñan que vir a pleno

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, aludiu a que eran dúas grandes necesidades, estándose en débeda cos veciños e que se deberían levar a cabo, independentemente de como se ían a financiar.

O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, sinalou que eran dúas actuacións que se levaban pedindo anos, anunciando o seu voto favorable.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, referíndose ao Centro Cultural de Vilalonga, lembrou que consideraron un erro pretender comprar a ruína onde estaba situado antes o Centro Cultural, entendendo que había que aproveitar a estrutura iniciada no seu día, pero é unha evidencia a súa necesidade, aínda que podían discrepar en canto ao reparto que se pretende e se así se atenderán as necesidades reais do tecido social de Vilalonga, finalizando a súa intervención para aludir a que estaban de acordo, en termos de necesidade, co Centro de Piragüismo, aínda que podían discrepar do seu aproveitamento.

O Sr. Guisasola Padín especificou que o financiamento sería a través dunha modificación presupostaria e, en canto ao proxecto, matizou que gustaría mais ou menos, pero consensuaríase coas asociacións.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, indicoulle ao Sr. Otero Domínguez que pasou de no ser capaz, como Alcalde, de endereitar unha curva na Avenida Rocafort, a aprobar proxectos para os veciños de Vilalonga, polo tanto está encantado coas críticas, porque quen gaña, son os veciños .

O Sr. Agís Balboa indicou que lle gustaría saber o que fixo o Sr. Otero Domínguez por Sanxenxo e o que lle molesta ao citado concelleiro é que agora, outros, fagan bastante mais.

O Sr. Otero Domínguez dixo que o Sr. Gonzalo Pita entregou a alcaldía e que fixo moitos intentos por comprar o antigo Centro Cultural e destacou que o proxecto anterior custaba 1.300.000 euros e pretendíase ver o que se podía facer e, o actual, costa 1.500.000 e probablemente pódase facer, engadindo que co resultado final, poderán estar de acordo ou non.

O Sr. Guisasola Padín manifestoulle ao anterior interveniente que debeu defender ante a Deputación a subvención solicitada polo concello para esta obra e que foi denegada por ese organismo.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:

“Aprobar os proxectos de investimentos denominados: centro socio cultural e centro de piragüismo, utilizando a facultade prevista no artigo 174 do R.D. 2/2004 de 5 de marzo, conforme ao seguinte cadro:

		N		N+1		N+2		N+3		N+4		total proxecto	
				máximo		máximo		máximo					
		2018	%	2019	legal	%	2020	legal	%	2021	legal		%
1	Centro Socio cultural	900.000,00	57,86	655.577,65	630.000,00	40,50							1.555.577,65
2	Centro de piragüismo	100.000,00	36,78	171.919,38	70.000,00	25,74							271.919,38

“.....”

**8º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APLICACIÓN DO REMANENTE DE TESOURERÍA DE GASTOS XERAIS PARA CONSTRÚIR UN CENTRO SOCIOCULTURAL NO REVEL-VILALONGA :** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 24 de xullo de 2018.

O **Sr. Presidente** dixo que era un trámite legal que había que facer para financiar esta obra.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, especificou que se ía utilizar o remanente de tesourería para o financiamento do Centro Cultural de Vilalonga.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, sinalou que neste caso estaba de acordo co proxecto de investimento e tamén coa forma de financiamento, que lle parecía correcta.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que a fórmula de acudir ao remanente era una opción, agardando que os cálculos estean ben feitos e non teña que volverse a acudir a operacións de endebedamento para pagar as nóminas ao persoal. Polo que respecta á subvención da Deputación para a construción do Centro Cultural de Vilalonga, dixo que se fixo a solicitude sabendo que non tiñan nada que facer, porque agora nese organismo, se conceden con arranxo a unhas bases, sen caciquear cos fondos de libre disposición, como na época do anterior presidente, engadindo que mesmo podían preguntar a concellos do PP senón estaban mellor que co anterior goberno provincial, posto que se vive ben co plan de concellos actual, moito mas democrático que o que había antes.

O **Sr. Gonzalo Pita**, aclarou que nunca falou mal do plan concellos, aínda que unha cousa que plantearon e non se recolleu, é a singularidade deste concello desde un punto de vista turístico. Polo que respecta á subvención da Deputación para o Centro Cultural de Vilalonga, indicou que o contencioso interposto estaba sen resolver e que, a outros concellos, se se lles concedeu, en cambio deixouse politicamente fora a este concello e a outro. O concelleiro interviniente destacou que grazas a estabilidade existente, é polo que se puideron facer estes proxectos, especificando que con estas actuacións, os que saen gañando son os veciños.

O **Sr. Guisasola Padín** indicoulle ao Sr. Otero Domínguez que dubidaba dos informes de Intervención, engadindo que senón se dedicaba o remanente a isto, iría amortizar a débeda

O **Sr. Otero Domínguez**, despois de dicir que quedou claro que non se non se facía isto, tería que ir o remanente á amortización da débeda, indicou que as referencias á chegada da democracia á Deputación fíxoas o Sr. Gonzalo Pita, nada mais ser elixido alcalde, aínda que logo demostrou non ter capacidade para aguantar a presión dese cargo, engadindo que o debate sobre a Deputación xa está superado, non preocupándolle o resultado do contencioso co concello.

O **Sr. Guisasola Padín**, respecto da Deputación, aludiu a que xa podían vir a inaugurar a estrada de Dorrón e non unha escaleira de ferro.

O **Sr. Presidente** sinaloulle ao Sr. Otero Domínguez que os deputados provinciais, elíxenos os concelleiros, polo tanto tamén somos responsables.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente unha modificación orzamentaria consistente nun crédito extraordinario nº 1/18, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais da entidade local obtido na liquidación de 2017, por importe de 900.000,00 euros, segundo o seguinte esquema:

		Consolidación	Superávit	RTGX	
		Superávit	Entidade Local		
1	Superávit	2.176.376,90	1.905.502,10	2.224.274,82	
2	Para débeda 12.5		-771.080,76	-771.080,76	
3	Uso R.T.G.G. 17-18			-402.019,78	
4	Uso I.F.S. C.S.C.R.		-900.000,00	-900.000,00	1.555.577,65
5	Sobrantes		238.421,34	151.174,28	

**SEGUNDO:** Está suxeita aos mesmos trámites que os previstos para a aprobación dos orzamentos, segundo o artigo 168 e seguintes do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo.”-----

**9º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE MATADOIROS, LONXAS E MERCADOS, ASÍ COMO A CARREXA DE CARNES, SE HOUBERA DE EMPREGARSE DUN XEITO OBRIGATORIO E SERVIZO DE INSPECCIÓN EN MATERIA DE ABASTOS INCLUÍDO A UTILIZACIÓN DE MEDIOS DE PESAR E MEDIR :** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 24 de xullo de 2018.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, explicou que se trataba da modificación da recollida selectiva da praza de abastos, que antes era por posto e agora por metros lineais.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** Modificar o anexo de tarifas no segundo apartado:

**Recollida selectiva de materia orgánica por cada posto no mercado**

**3,60 €/metro lineal ou fracción/mes**

**SEGUNDO:** De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

**TERCEIRO:** Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

**CUARTO:** De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor con efectos retroactivos ao 01.01.18”.

## **B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:**

**10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 12 DE ABRIL AO 12 DE XULLO DE 2018 (DE RES. Nº 804/18 Á Nº 1263/18) :** O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía** ditadas desde o **12 de abril ao 12 de xullo de 2018**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.

## **M O C I Ó N S :**

**1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A CONSTRUCCIÓN DO CEIP O REVEL EN VILALONGA (SANXENXO) :** O Sr. Presidente deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente :

“**TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, Alcalde – Presidente do Concello de SANXENXO, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

### **MOCIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DO CEIP O REVEL EN VILALONGA (SANXENXO)**

Remitido a este concello, o borrador do convenio para a construción dun novo CEIP no Revel Vilalonga, una vez aprobado pola Xunta de Goberno municipal, en sesión celebrada el 27 de xullo de 2018 o Proxecto de Urbanización do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da zona E69B en O Revel - Vilalonga e incorporados ao expediente de aprobación do convenio, os informes de viabilidade urbanística, de intervención, e secretaría, todos eles con carácter favorable, é polo que procede completar a tramitación do expediente coa aprobación do convenio, introducindo no acordo a inclusión das parcelas xa postas a disposición da Consellería de Educación, no inventario de bens municipais tal como se recomenda no informe de secretaría para formalizar o antes posible o referido convenio.

Polo tanto propono ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

-PRIMEIRO: Aprobar o convenio de colaboración entre a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Sanxenxo para a construción dun novo CEIP en O Revel-Vilalonga, conforme ao borrador remitido ao concello pola Consellería de Educación, mediante documento rexistrado no concello de Sanxenxo o día 20 de xullo de 2018, co número 7694, facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura do referido convenio.

-SEGUNDO: Incluir no inventario de bens municipais do Concello de Sanxenxo as seguintes parcelas:

Parcela 1: finca de 3.588,28 m2 de superficie sita no lugar de O Revel, parroquia de Vilalonga. LINDA: Norte, parcela de resultado identificada co número 6, destinada a sistema viario; Este e Sur, parcela de resultado identificada co número 8, destinada a espazo libre - zona verde (EL1); Oeste, parcela propiedade do Servizo Galego de Saúde, situada fora do ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da zona E69B – O Revel, Vilalonga.

Cualificación urbanística: equipamento docente.

Referencia catastral: 36051A040006030000FA

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Cambados ao Tomo 1.546, Libro 543, Folio 144, inscrición 1ª, finca rexistral nº 47.509.

Parcela 2: finca de 11.345,67m2 de superficie sita no lugar de O Revel, parroquia de Vilalonga. LINDA: Norte e Este, parcela de resultado identificada co número 6, destinada a sistema viario; Sur, sector do solo urbanizable nº 26 e parcelas catastrais nº 15 e 22 do Polígono 40 de Sanxenxo; Oeste, parcela de resultado identificada co número 8, destinada a espazo libre - zona verde (EL1)

Cualificación urbanística: equipamento docente.

Referencia catastral: 36051A040006040000FA

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Cambados ao Tomo 1.546, Libro 543, Folio 145, inscrición 1ª, finca rexistral nº 47.510.””

**O Sr. Presidente** xustificou a urxencia para poder firmar o convenio canto antes.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade dos membros da corporación presentes.**

Ao non se producirse intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación na que, **por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“-**PRIMEIRO:** Aprobar o convenio de colaboración entre a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Sanxenxo para a construción dun novo CEIP en O Revel- Vilalonga, conforme ao borrador remitido ao concello pola Consellería de Educación, mediante documento rexistrado no concello de Sanxenxo o día 20 de xullo de 2018, co número 7694, facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura do referido convenio.

-**SEGUNDO:** Incluir no inventario de bens municipais do Concello de Sanxenxo as seguintes parcelas:

Parcela 1: finca de 3.588,28 m2 de superficie sita no lugar de O Revel, parroquia de Vilalonga. LINDA: Norte, parcela de resultado identificada co número 6, destinada a sistema viario; Este e Sur, parcela de resultado identificada co número 8, destinada a espazo libre - zona verde (EL1); Oeste, parcela propiedade do Servizo Galego de Saúde, situada fora do ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da zona E69B – O Revel, Vilalonga.

Cualificación urbanística: equipamento docente.



Referencia catastral: 36051A040006030000FA

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Cambados ao Tomo 1.546, Libro 543, Folio 144, inscrición 1ª, finca rexistral nº 47.509.

Parcela 2: finca de 11.345,67m2 de superficie sita no lugar de O Revel, parroquia de Vilalonga. LINDA: Norte e Este, parcela de resultado identificada co número 6, destinada a sistema viario; Sur, sector do solo urbanizable nº 26 e parcelas catastrais nº 15 e 22 do Polígono 40 de Sanxenxo; Oeste, parcela de resultado identificada co número 8, destinada a espazo libre - zona verde (EL1)

Cualificación urbanística: equipamento docente.

Referencia catastral: 36051A040006040000FA

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Cambados ao Tomo 1.546, Libro 543, Folio 145, inscrición 1ª, finca rexistral nº 47.510.”-----

**2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA DESIGNACIÓN DAS FESTAS LOCAIS DO ANO 2019 : O Sr. Presidente** deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente :

“**TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, Alcalde – Presidente do Concello de SANXENXO, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

#### **MOCIÓN PARA DESIGNACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2.019**

Para o calendario laboral do ano 2019 da Comunidade Autónoma de Galicia, faise a presente Moción para a designación das festas locais de conformidade co Decreto 127/2013, do 01 de Agosto, da Consellería de Traballo e Benestar, e propón ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo :

Designar como días de **Festas Locais para o ano 2019, as seguintes:**

**\*\* 22 de Abril – Romaría de “O Con”**

**\*\* 04 de Setembro – Santa Rosalía.”**

O **Sr. Presidente** xustificou a urxencia porque, por razón de prazos, este acordo debía adoptarse neste pleno e, por erro, non se incluíu na orde do día.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade dos membros da corporación presentes.

A continuación, ao non producirse intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación na que, **por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“Designar como días de **Festas Locais para o ano 2019, as seguintes:**

**\*\* 22 de Abril – Romaría de “O Con”.**

**\*\* 04 de Setembro – Santa Rosalía.”-----**

**3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL PARA O RECOÑECIMENTO DA UVA FOLLA REDONDA : O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal deu lectura, resumidamente, á moción que a continuación se transcribe literalmente:**

**“Os concejales integrantes de Grupo Municipal S.A.L ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , formulan para a súa discusión e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 30 de xulio de 2018 a seguinte MOCION ;**

#### **MOCIÓN RECOÑECIMENTO UVA FOLLA REDONDA**

A variedade de uva Folla Redonda ou Tinto Barrantes está implantada principalmente na nosa comarca do Salnés, e esta solicitude está motivada polo feito de que os viños que se elaboran están reglados practicamente ó autoconsumo, ó non poder ser comercializados co correspondente etiquetado. Isto ocasiona perdas económicas e a imposibilidade de incrementar os ingresos agrarios dos viticultores da zona. Dende fai varias décadas estamos nesta situación, pero entendemos que é o momento de propiciar os cambios normativos que procedan , pois nalgúns países da UE xa se están levando a cabo movementos similares ó desta solicitude. De feito, estánse rexistrando altas de variedades interespecíficas que non son Vitis Viníferas puras, como esta, xa que non está limitada a súa elaboración na normativa europea, e sin embargo, sí o está no ámbito nacional.

Entendemos que hai argumentos fundados para que sexa inscrita como variedade comercial de uva de transformación autorizada na Comunidade Autónoma de Galicia polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. Isto permitiría que poida ser implantada e recoñecida cos correspondentes dereitos de plantación, e que os viños elaborados coa variedade poidan entón ser comercializados co seu correspondente etiquetado, ó menos no ámbito da Comarca do Salnés, como viño xenérico, non solicitándose como VCPDR(viño de calidade producido na rexión determinada).

#### **A importancia social e económica da variedade na Comarca do Salnés**

No concello de Ribadumia celébrase cada ano a Festa do Viño Tinto do Salnés, durante 3 días na primeira fin de semana de xuño, desde o ano 1967 con 45 edicións realizadas. O obxecto deste evento foi dende a orixe a exaltación dos caldos elaborados da variedade Folla Redonda, e tamén, dende fai varios anos, ampliouse á exaltación das variedades tintas autóctonas. Sen embargo, segue sendo na actualidade a Folla Redonda a que continúa gozando de maior arraigo e interese dos consumidores da zona.

A festa do Viño Tinto do Salnés é un dos eventos de exaltación gastronómica do viño, dos que goza de maior tradición, concurrencia e recoñecemento en Galicia, feito polo que se está tramitando tamén que sexa declarada como Festa de Interese Turístico de Galicia. Nesta expoñense stands de degustación dos viños elaborados, un Xurado de Cata selecciona os mellores caldos presentados polos colleiteiros ó concurso de cata, e entregáanse os diplomas e trofeos donados por diferentes administracións dos 6 primeiros viños Folla Redonda e por outro lado dos 6 mellores viños de variedades autóctonas, principalmente de variedades caíño, espadeiro e mencia.

A importancia económica da produción desta uva no sector agrario e vitícola da Comarca do Salnés é moi alta a pesar da súa limitación para a comercialización con etiquetado, xa que en moitas adegas de colleiteiros se elabora, probablemente nun número estimado entorno a 600-800 vitivinicultores en toda a Comarca do Salnés.

É difícil falar de unha cifra de superficie ou produción actual deste viño, pois no Rexistro vitícola está anotada xeneralmente como Granacha tintorera ou como mezcla de variedades debido ó temor histórico dos colleiteiros a que deberan ser arrancadas como contemplaba a lexislación no pasado, pois no 1955 se prohibeu a plantación destas variedades de orixen híbrido, e no 1970 as replantacións ou o uso como porta-inxertos. Anos máis tarde, incluso se pagou por arrancar as cepas de híbrido existentes, o cal non tivo demasiado éxito, pois describiremos máis adiante, que son moitas as razóns polas que os colleiteiros seguían e siguen elaborando a varietal.

**-A variedade Folla Redonda e estatus legal actual.**

A orixe da Folla Redonda parece ser que é descendente do Alicante Ganzin ( Aramon rupestris Ganzin mim. 4x Alicante Bouschet), do que según Galet (1958) son ascendente os híbridos produtores directos coloreados.

Polo tanto, é unha variedade interespecífica híbrida, fruto de un cruzamento entre variedades europeas vitis vinífera e outras americanas do mesmo xénero Vitis diferentes a V. vinífera. Foi seleccionada en Europa como moitas outras a finais do século XIX ou principios do XX, pola súa resistencia a plaga da Filoxera chegada de América e que arrasaba entón os viñedos europeos.

Este feito, a obtención dun bo rendemento productivo, o bo comportamento sobre outras enfermidades, e debido as boas características dos viños obtidos que se popularizaron, fixo que se propagase no tempo de un xeito moi importante o seu cultivo como Híbrido Productor Directo (HPD), extremo que sin embargo non lle aconteceu a outras variedades híbridas como esta, pois non alcanzaban a súas cualidades.

A Folla Redonda está clasificada na normativa comunitaria e española como variedade de uva de conservación vexetal. Non está inscrita no Real Decreto 772/2017, de 28 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, e os viños obtidos non poden ser comercializados xa que a normativa española na Lei 24/2003, de 10 de xullo da viña e do viño, establece que só se permite comercializar as variedades destinadas a uva de vinificación pertencentes a especie vitis vinífera L.

Sen embargo, ademais de non estar especificamente prohibido o seu cultivo cumpre co que se establece na normativa europea de definición de viño, pois obtense pola fermentación alcohólica de uva fresca na nosa zona vinícola do Salnés , adquire en condicións normais de cultivo un grao adquirido non inferior a 9% vol. , tal e como establece o regulamento (UE) número 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios.

Nos últimos anos, estase dando ademais un forte movemento polo que se están considerando as variedades interespecíficas, non vitisviníferas puras, froito tamén de hibridacións que se están seleccionando nos centros de investigación como variedades viníferas. Búscanse novas variedades das que obteñan viños de calidade que se poidan levar a outras zonas de produción e sobre todo que precisen menos tratamentos fitosanitarios para o seu coidado. Iste é o caso, por exemplo, da variedade Regent. N., variedade de vide autorizada en Alemaña, como se especifica no regulamento ( CE) nº 1231/98 da Comisión, do 12 de xuño de 1998 que establece a clasificación das variedades de vide. Outras variedades interespecíficas que están na mesma situación son a Orien e a Phoenix, e tamén en centros como o INRA estánse seleccionando variedades nesta liña ou en Italia ou Dinamarca entre outros. No resto do mundo, en países como EEUU, donde nunca ten habido prohibicións de híbridos, están implantados e continúan ensaiándose novas variedades nos centros experimentais.

E de destacar a comunicación COM/2002/0838 da comisión o Parlamento Europeo e do Consello, sobre o uso de variedades de vide interespecíficas aptas para a produción de viños de calidade producidos en rexións determinadas, sobre unha lista de variedades interespecíficas brancas e tintas seleccionadas para o estudo: Villard Blanc, Syval Blanc, Bianca, Zalagyöngye, Medina, Regent, Villard noir y couderc noir. Concluíase no mesmo que *“a gran maioría das variedades interespecíficas non é apta para a produción de VCPRD. Por agora, parece que solo algunhas delas se poderían utilizar para este tipo de produción. Por outro lado, en caso de que se autorizasen , non é probable que sexan as variedades interespecíficas actuais as que se empregasen no futuro para a elaboración do VCPRD. Ademais, poderían ser moi útiles para producir viños procedentes da agricultura ecolóxica”*. Subraiamos respecto a isto, que esta solicitude basase en clasificala como variedade autorizada, nen sequera como solicitan nas anteriores para producir viños de calidade nas denominacións de orixe e como expoñemos máis adiante, tamén polas características que a fan máis resistente as pragas e enfermidades, e polo tanto moi útil para viños de producións ecoloxicas ou de baixos tratamentos fitosanitarios.

### **-Calidade etonoloxía e características dos caldos obtidos**

Non é o feito de que os caldos obtidos sexan en calidade superiores ou inferiores a outras variedades de uso comercial actual, senon que si ten unha variedade cabal e comercial como esixe a normativa para ser clasificada como unha variedade de uva de vinificación autorizada no RD 1244/2008, do 18 de xullo polo que se regula o potencial de produción vitícola e o RD 313/2016 deo 29 de xullo sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola.

É unha variedade que non produce olores ou sabores extraños como sucede en outras variedades HPD, senon que o contrario, é unha variedade que produce caldos aceptables: con moi boa capa no seu aspecto, unha boa expresión frutal de vaías vermellas na fase olfativa, e produce caldos equilibrados e intensos na fase gustativa, con un agradable retrogusto de tanino fresco e frutado.

É unha variedade tintoreira que aporta ós antocianos do color tinto na pulpa, sendo polo tanto moi rica en polifenoles que xogan un factor de calidade e de aspectos saudables xunto co contido de revestreratrol.

Destaca o seu contido moderado en alcohol, normalmente entre 9,5 e 10,5% VOL., o cal é cada vez máis apreciado hoxe para unha parte dos consumidores que buscan viños con menor grao e máis livians. Esta característica encaixa na campaña “*wine in modiration*”, unha iniciativa do sector vitivinícola europeo, cuxo obxectivo é promover a moderación e a responsabilidade no consumo de viño para a prevención do consumo excesivo ou indebido de bebidas alcohólicas.

É moi pouco esixente en aditivos para a súa elaboración, de feito, en algunhas faise incluso sen ningunha adición de aditivos e especificamente de sulfuroso, e cando se añade, debe facerse a moi baixas dosis, aproximadamente limitado a un tercio do que se permite para tintos, xa que a dosis maiores inclue negativamente na percepción sensorial das súas características. Polo tanto, é unha variedade que de forma tradicional e tamén por cuestións técnico-etnolóxicas, elabórase dun xeito moi pouco intervencionista, moi na liña das novas tendencias que se demandan dende o mercado.

O modo tradicional de elaboración é a fermentación do mosto e do ollejo en contacto durante catro ou cinco días ata o descube, normalmente como monovarietal, pero tamén en ocasións en mezcla con outras variedades tintas autóctonas como a caíño tinto, espadeiro e mencia, entre outras.

### **A xestión integrada de pragas, produción ecolóxica e aspectos medioambientais**

A variedade ten unha tolerancia ou grao de resistencia elevado o mildiu, o ídio, botrytis, e outras enfermidades ou pragas e polo tanto, precisa para o seu control fitosanitario moitos menos tratamentos que outras variedades viníferas. Para o coidado desta variedade son suficientes 4-6 tratamentos, normalmente 4 parao mildiu e dous para o oídio. Sen embargo, nas demais variedades cultivadas na zona os tratamentos totais das variedades soe estar entre os 13 -16 tratamentos. Este aspecto supón unha mellora potencial de residuos no momento da vendima, a redución de riscos medioambientais e un potencial para a produción ecolóxica moi grande.

A directiva 2009/128 establece no seu artigo 14 as normas para a utilización de fitosanitarios de xeito sostible, na que a redución do seu uso é un aspecto fundamental. Dende o 1 de xaneiro de 2014 o produtor profesional debe ter en conta as disposicións establecidas no RD 1311/2012 que traspón a directiva mencionada, en cuxo anexo I fican reflectidos os principios xerais da xestión integrada de pragas. En dito anexo indicase que a prevención de pragas debe lograrse ou propiciarse, entre outros medios, mediante a utilización, cando proceda, de variedades resistentes ou tolerantes debidamente normalizadas. Neste aspecto, o Folla Redonda, sería de todas as cultivadas na zona a de mellor perfil de resistencia ás enfermidades e pragas da vide.

A súa inclusión como variedade vinífera sería entón, unha gran oportunidade potencial para a elaboración de viños ecolóxicos ou incluso de viños naturais “residuo cero”.

Esta variedade permite o seu cultivo en sistemas de conducción baixos, en vaso ou empalizada, con mellores características para evitar a deriva de fitosanitarios, cousa que non ocorre noutras variedades maioritarias na zona que practicamente se cultivan en emparrado.

Ten tamén unha boa resistencia ó estrés provocado polos períodos secos, polo tranto, unha boa aptitude ante o escenario de cambio climático.

Finalmente, é de destacar a resistencia ou tolerancia que se observa na variedade o fungo “Armillaria”, unha enfermidade da raíz que dana moitos viñedos no Salnés, Rías Baixas e en Galicia. Polo tanto, consideramos que é unha opción moi interesante para a mellor conservación dos viñedos en xeral, e sería tamén moi interesante estudar a súa aptitude como patrón para enxertar variedades de Vitis Vinifera en Galicia. Por este motivo e pola súa resistencia á Filoxera, debería autorizarse a súa plantación como pé franco, como sempre se cultivou.

Por todos estes motivos expostos, presentase para a súa aprobación se procede, o seguinte acordo:

**Instar á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia que realice os trámites precisos para que a variedade “Folla Redonda” poida ser inscrita como variedade de uva de transformación autorizada na Comunidade Autónoma de Galicia dentro do ordenamento do potencial de produción vitícola español. Por conseguinte, que se realicen os informes, avaliacións e estudos que se consideren necesarios, co obxectivo de promover os cambios normativos para que o viño elaborado poida ser etiquetado e comercializado. Ademais, que se considere a súa venda normalizada nos establecementos rexistrados como furanchos.”**

O **Sr. Gonzalo Pita** xustifica a urxencia pola solicitude feita polo Concello de Ribadumia e que xa se presentou en varios concellos da Mancomunidade do Salnés.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, dixo que case se equivoca, crendo que estaba nun pleno da Mancomunidade do Salnés, chamándolle a atención que a única moción presentada no último ano polo SAL, sexa sobre este tema, engadindo que se ía abster por non dispoñer de criterio sobre este asunto.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que non lle parecía mal a moción e que este viño xa levaba moitos anos, preguntando ao proponente porque se especificaba o da venda nos furanchos.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que o BNG se abstivo na votación deste tema na mancomunidade do Salnés e, membros do PP que votaron a favor, dixéronlles que o comentado polo BNG, pensábano todos. O interveniente dixo que lle parecía ben a solidariedade con outros concellos e non dubidaba da importancia deste viño tinto e do seu arraigamento para o consumo nas casas, pero a súa comercialización é algo mais serio, xa que esixe control sanitario e isto ten custos, o que implicaría una dubidosa saída desde o punto de vista comercial, sendo a puntilla definitiva para este tipo de uva, non parecéndolle serio este planteamento, xa que debería ser a Xunta, a través dos seus técnicos, a que informase sobre estes aspectos. Finalmente o interveniente indicou que o proponente limitouse a traer una moción xa aprobada na Mancomunidade, sinalando que a vía adecuada para que os produtos galegos teñan saída é a xestión profesional e a denominación de orixe.

A **Sra. Freire Fernández, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que o viño de Barrantes tinto non era legal, segundo normativa europea, porque era un híbrido e, agora, o que se pretende, é que se recoñeza e se poida etiquetar de forma legal, precisando que a Xunta de Galicia esta predisposta neste sentido. A concelleira no uso da palabra mostrou o seu desacordo co dito polo anterior interveniente respecto da comercialización, xa que non se axusta a realidade, porque o custo de etiquetar o viño é moito menor que o de estar na denominación de orixe, non parecéndolle desatinado que se poida comercializar e a xente terá que ver se é rendible ou non, pero se está prohibido, é imposible, rematando para resaltar que, ao redor deste viño, móvese moito diñeiro e que, se se consegue isto, serviría para o seu rexurdir, polo que votarán a favor da moción.

O **Sr. Gonzalo Pita** sinalou que era a primeira moción que presentaba SAL porque eran goberno, o foron antes e o son agora. En canto ao dito polo Sr. Agís Balboa, a verdade era que a moción dicía os furanchos, pero o pretendido era que se puidese vender en calquera sitio público, polo que debería suprimirse esta referencia na moción.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que o etiquetaxe non garante a venda, engadindo que se trata dunha variedade a protexer, pero o etiquetaxe ten moitas eivas desde o punto comercial, podendo provocar frustración e o corte de cepas, o que daría lugar ao efecto contrario ao desexado por unha moción pouco meditada.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación, coa modificación sinala na súa última intervención polo **Sr. Gonzalo Pita**, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0.**

**Votos pola Abstención: 04 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

--Instar á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia que realice os trámites precisos para que a variedade “Folla Redonda” poida ser inscrita como variedade de uva de transformación autorizada na Comunidade Autónoma de Galicia dentro do ordenamento do potencial de produción vitícola español. Por conseguinte, que se realicen os informes, avaliacións e estudos que se consideren necesarios, co obxectivo de promover os cambios normativos para que o viño elaborado poida ser etiquetado e comercializado. Ademais, que se considere a súa venda normalizada nos establecementos.-----

## **R O G O S :**

-A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, indicou que na bifurcación da Rúa Doctor Lalinde del Río, en Portonovo, só pódese virar á dereita e a sinalización está no chan, solicitando a colocación dun sinal de fronte, para evitar o problema dos coches que pretenden virar á esquerda.

-A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, pediu que se inste á Xunta de Galicia ao repintado dos pasos de peóns na Rúa Progreso, porque están bastante deteriorados, algo que se pode facer con independencia da reforma da citada rúa.

-A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, rogou que se deixe de xogar ao agocho cos contedores da Rúa Progreso e, polo menos, se se queren poñer e sacar, que se indiquen as horas e os sitios onde se van a instalar, para que os veciños saiban onde ir a tirar o lixo.

-O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, referiuse as mocións aprobadas sobre o sentido da Rúa do Río, que aínda non se fixo e sobre as caravanas, que seguía igual.

-O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, aludiu a que lle chegaron moitas queixas dos locais de Portonovo sobre a redución do horario de peche con respecto ao ano pasado, xa que non hai moita xente e estalles a repercutir no negocio, polo que solicita que se mire o que se pode facer.

-O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que lle impactou a cantidade de xente, sobre todo rapaces, que saían por Portonovo e as meas que había, mesmo nas paredes, con xente protestando porque romperon una persiana a golpes e, aínda que viu á policía meter algunhas multas, rogou que se controle esta situación, evitando que se faga o botellón.

## **PREGUNTAS :**

--A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, dixo que se aprobaron neste pleno 200.000 euros para subvencións nominativas e algunhas asociacións aínda non cobraron o importe das escolas deportivas 2016-17 e, as do 2018-19, non se pagaron a ninguén, preguntando cando tiñan pensado proceder a eses pagos. O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular** contestou que estaban niso e o **Sr. Presidente** lembrou que a concelleira inquirinte estivo no goberno ata maio de 2017 e que se pagaría proximamente.

--A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, sinalou que saíu nas redes sociais unha petición dos auxiliares da policía local, preguntando se se ía atender esta solicitude, contestando o **Sr. Presidente** que non, porque era ilegal.

--A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, tendo en conta a modificación do Plan de Axuste, que permitía pagar horas extras este ano, non o pasado, preguntou se se lle está pagando a algún traballador do concello horas extras e a cantidade, contestando o **Sr. Presidente** que se está pagando o que corresponde por lei e a **Sra. Rodríguez Búa** preguntou se algún policía local está a cobrar horas extras, contestando o **Sr. Presidente** que o descoñecía agora mesmo e a inquirente sinalou que tería que facer a petición por rexistro, aínda que tiña varia documentación solicitada pendente de contestar.

--A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, preguntou se o concello tiña pensado tomar algunha medida sobre a zona azul para os residentes e traballadores, contestando o **Sr. Presidente** que a sinalización vertical prevalece sobre a horizontal e naquela indícase que se pode aparcar 90 minutos, pero se deron instrucións á policía para o dobre, 180 minutos, pactado coa asociación de comerciantes, o que sucede e que a xente, como ve as liñas pintadas de azul, que podían estar pintadas de cor branco e sería igual, chámalles zona azul, como existen nos concellos de orixe dos visitantes, que teñen que pagar por iso, pero en Sanxenxo non hai zona azul e non se está a recadar nada, se hai sinais verticais que establecen un tempo para aparcar, engadindo que a xente está encantada e piden que se pinte mais, sendo unha medida acertada, porque se fose a cor branca en vez de azul, seguramente se tería sancionado a mais xente.

-- O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, preguntou cando se tiña pensado abrir o polígono, contestando o **Sr. Presidente** que tiñan un acordo cos propietarios, aprobado nunha asemblea, que caduca o 22 de outubro, pero esperaba que antes desa data pódase recibir o parque.

-- O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, aludiu sobre a ruta dos Muiños, en Dorrón, que estiveron a recoller firmas dos veciños para cesións, preguntando que se ten pensado facer para recoller as que faltan, contestando o **Sr. Deza Otero, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, que en Dorrón firmaron 40 persoas, faltando moitas e, agora vaise elaborar un plano e ir casa por casa, a asociación e o concelleiro desa parroquia, porque parece que a xente está disposta a firmar.

-- O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, referido a esa zona azul, que non o é, preguntou ao Sr. Alcalde se firmou algunha sanción de retirada de vehículo ou por ter superado o límite máximo de aparcamento, 90 minutos, mais 90 discrecionais, contestando o **Sr. Presidente** que cría que non, pero non o sabía, matizando que a sanción a impón o axente, pero senón atende a petición do Alcalde, o que faría é cambiar inmediatamente os sinais, algo que é da súa potestade, aínda que a sanción sería legal, crendo que se está respectando isto. O **Sr. Otero Domínguez** indicou que eles xa comentaron publicamente que non se podía impoñer ningunha sanción por exceder o citado tempo de aparcamento, xa que sería ilegal e reiterou a pregunta, precisando que presentaron un escrito solicitando documentación ao respecto e instándoo para que se faga unha aclaración polos servizos xurídicos, o que non quixo atender. O **Sr. Presidente** reiterou que non lembraba se se impuxo algunha sanción, engadindo que o que interesa é que funcione o tráfico da mellor maneira posible na época estival, ata o 15 de setembro e esta medida aplicarase neste período, intervindo o inquirinte para preguntar se algún axente impuxo algunha multa ao respecto, indicando o **Sr. Presidente** que non o lembraba.

--A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dixo, respecto do tema das multas, que non lles importaba esperar uns días e que conteste por escrito, sinalando o **Sr. Presidente** que será se quero e pode.



--A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, preguntou se o concello solicitou unha axuda, dentro da liña que sacou o 4 de maio a Consellería de Ordenación do Territorio e Medio Ambiente, cun importe de catro millóns de euros, para mellora das infraestruturas e equipamentos municipais. O **Sr. Presidente** díxolle á inquirinte se se refería a subvención de 400.000 euros para a actuación na Praia de Panadeira e a **Sra. Fernández Agraso** puntualizou que foi unha liña de axudas moi curiosa, porque aos 12 minutos do día 5 de maio, estaban todas adxudicadas pola orde de chegada, só a concellos do PP. O **Sr. Presidente** agradeceu o traballo do persoal que traballou para facer os proxectos, como o arquitecto municipal e para introducir os datos, como Belén, precisando que tiñan dous proxectos, pero tardaron moito en introducilos, porque pesaban moito, aínda ase ao día seguinte, felicítoume a concelleira pola rapidez, preferindo que a Xunta faga iso e non que a Deputación nos denegue a subvención para o Centro Cultural de Vilalonga.

--A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que o sábado día 28 de Xullo, ás 6 da tarde, tivo lugar unha recollida de sinaturas por parte dunha pseudoplateforma que atentaba totalmente ao nome oficial do noso concello, Sanxenxo, con argumento falaces e falsos atacando á nosa identidade como pobo, a nosa cultura e o noso idioma.Xa fai uns meses que vostede manifestou neste mesmo salón de Plenos que lle daba igual como se lle chamase ao noso concello, con tal de que viñesen mais turistas.Vostede, que debería ser o primeiro en defender o nome do noso concello, xa non só non o defende, senón que permite e cede un espazo público para que veñan de fora a deturpar o noso topónimo. Un espazo público tan emblemático coma a praza de Pascual Veiga, compositor da música do Himno Galego.Debería saber vostede que aos turistas lles resulta moi atractivo un pobo, unha vila que estea orgullosa das súas raíces, da súa cultura e que as defenda e como non, as promocióne. Resulta inaudito que se tivesen gastado moitísimo cartos públicos na promoción de campañas turísticas de Sanxenxo en feiras e recordemos aquela campaña “Sanxenxo con dous Xs” e agora o señor Telmo Martín venda tan facilmente o nome do noso concello a Gloria Lago, recoñecida galegofoba.O sábado, esta señora, Gloria Lago, dixo diante das forzas de seguridade ter alugado ese espazo público, polo que lle facemos a seguinte pregunta:A quen lle dou vostede permiso de ocupación da praza Pascual Veiga o sábado 28? A Hablemos español? Galicia Bilingüe? a Gloria Lago? Cobrouse Algo? O **Sr. Presidente** respondeu que a unha asociación legalmente constituída que ase o solicitou, aínda que non estean de acordo co pedido.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e tres horas e dez minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**